

CONCELLO DE MONTERROSO
PROCESO SELECTIVO ARQUITECTO (BOP 09.06.2021)

Lugar: Salón de sesións da Casa do Concello

Data: 15/02/2021.

Hora de inicio: 10:00

Hora de finalización: 12.00

Asistentes:

Presidenta: Gloria Trigo Mayor.

Secretario: Celestino Amigo Liñares

Vogais: Ana Belén Mera Arias e Carmen Lage Fernández.

Reúnense os integrantes do Tribunal anteriormente relacionados co obxecto de resolver os seguintes asuntos:

1. Proba de galego para a aspirante que non acreditou a posesión do CELGA 4.
2. Resolución de reclamacións presentadas durante o prazo ordinario e o extraordinario resultante da emenda de erros materiais por omisión na listaxe publicada.
3. Listaxe definitiva de puntuacións ordenada de maior a menor e proposta de nomeamento.

ACORDOS

1. PROBA DE GALEGO PARA A ASPIRANTE QUE NON ACREDITOU A POSESIÓN DO CELGA 4.

Publicada na páxina web a convocatoria da proba de galego para o día de hoxe ás 10 horas, non comparece a única aspirante convocada, CANDELA MORADO CASTRESANA, á realización da proba, polo que se declara NON APTA, conforme ao previsto nas Bases que rexen este proceso selectivo.

2. RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS PRESENTADAS DURANTE O PRAZO ORDINARIO E O EXTRAORDINARIO RESULTANTE DA EMENDA DE ERROS MATERIAIS POR OMISIÓN NA LISTAXE PUBLICADA.

Transcorridos devanditos prazos, presentáronse en prazo ordinario as reclamacións que logo se relacionan e que foron parcialmente estudadas na sesión avanzada do 1 de febreiro de 2022 por este Tribunal. Durante o prazo extraordinario concedido como resultado da emenda de erros materiais publicada na páxina web do Concello o pasado 28 de xaneiro, non se presentaron reclamacións.

Consecuentemente, reproducense e ratifícanse as resolucións das reclamacións, adoptadas por este Tribunal na sesión anteriormente expresada.

Reclamación presentada por D^a. Isabel Devesa Piñeiro. 24/12/21

1. Epígrafe AL1 Experiencia

Pretende que se lle computen 6 meses como Técnico de Urbanismo do Concello de Guitiriz.

O Tribunal acorda desestimar esta pretensión, por canto o desempeño realizouse en calidade de Arquitecto Técnico, segundo se desprende da Resolución do Alcalde de 1/10/2018 aportada pola reclamante. O teor literal das bases, que son lei da convocatoria, non permite outra interpretación que a puramente gramatical, conforme aos criterios hermenéuticos sinalados no artigo 3 do Código Civil e por aplicación do principio xeral do Dereito “onde a lei non distingue non lle é dado ao intérprete facelo”.

Como derivación dos argumentos e documentos aportados na reclamación, procédese a revisar de oficio a puntuación outorgada conforme á documentación que se aporta, e detéctase un erro material na atribución dun punto no apartado AL-2, cando correspondería ao apartado AL-1, quedando desta maneira:

AL-1: 4 puntos

AL-2: 0 puntos

2. Experiencia en empresa (epígrafe EMPR)

Alega a reclamante que lle corresponden 5 puntos neste epígrafe (por redondeo de máximo), polos seguintes motivos:

Achegouse vida laboral da seguridade social na que consta a ALTA DE AUTÓNOMA neste caso na primeira actividade (docente técnico) na que comezou como autónoma, 15 días antes da alta no epígrafe correspondente á categoría profesional ARQUITECTO, na que traballou dende o 15/11/2010 ao 11/06/2015, tal e como consta no certificado da Axencia tributaria (IAE) [ACTIVIDADE PROFESIONAL Nº1 ARQUITECTO] recollido a continuación. Achegouse tamén resolución sobre recoñecemento da Baixa no RETA polo Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Asemade, aportouse Certificado de colexiación no COAG en data da presentación da solicitude de participación no proceso selectivo, e certificado da Baixa da Mutua de Seguros con efecto 31/12/2015 (anualidade completa da comunicación da baixa), da póliza do Seguro RC (ASEMAS) contratado para a cobertura do exercizo profesional como Arquitecta autónoma durante o período referido e acreditado en páxinas seguintes.

Verificada a corrección dos datos e documentación aportada coa solicitude, o Tribunal acorda estimar a reclamación e, consecuentemente corrixir a puntuación do epígrafe “EMPR”, do seguinte modo:

Valoración publicada: 1,76 puntos.

Valoración corrixida: 5,00 puntos.

3. Epígrafes de formación +200 horas e +100 horas.

Pretende que se lle valoren os Estudos universitarios de Arquitecto Técnico no epígrafe +200, con 10 puntos.

CONCELLO DE MONTERROSO
PROCESO SELECTIVO ARQUITECTO (BOP 09.06.2021)

É criterio do Tribunal que as titulación que se corresponden co ensino regulado non poden equipararse a cursos e, consecuentemente, non se puntuán, agás que estiveran expresa e nominalmente recoñecidas nas bases, o que non sucede no caso da titulación expresada. Desestímase a pretensión.

Alega que debería puntuarse o Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais, todas as especializadas no mesmo epígrafe. Estímase a reclamación, polo que procede recoñecer 10 puntos.

Valórase igualmente neste epígrafe o Curso de formación profesional ocupacional Perito Xudicial Inmobiliario, polo que procede recoñecer 10 puntos.

Total puntos recoñecidos no apartado Formación, epígrafe +200, publicado: 0 puntos.

Total puntos recoñecidos no apartado Formación, epígrafe +200, recoñecido: 20 puntos

Pretende que se valore o Curso anteriormente referido no epígrafe +100 de formación, se ben ao ser incluído no epígrafe +200, cunha puntuación superior, non procede tal valoración, polo que a puntuación no epígrafe +100 permanece invariable.

Conclusión.

A aspirante acadou inicialmente a seguinte puntuación, segundo se publicou na páxina web oficial do Concello de Monterroso:

ASPIRANTE	EXPERIENCIA			FORMACIÓN					PUNTOS
	AL-1	AL-2	EMPR	T.U.	+200H	+100H	50H.	10H.	TOTAL
DEVESA PIÑEIRO ISABEL	3,00	1,00	1,76	10,00	0,00	5,00	30,00	10,00	60,76

Realizadas as oportunas correccións, en harmonía co acordado polo Tribunal, segundo se ten exposto nos apartados anteriores, resulta a seguinte puntuación:

ASPIRANTE	EXPERIENCIA			FORMACIÓN					PUNTOS
	AL-1	AL-2	EMPR	T.U.	+200H	+100H	50H.	10H.	TOTAL
DEVESA PIÑEIRO ISABEL	4,00	0,00	5,00	10,00	20,00	5,00	30,00	10,00	84,00

CONCELLO DE MONTERROSO
PROCESO SELECTIVO ARQUITECTO (BOP 09.06.2021)

Reclamación presentada por D. José Carlos Santos Iglesias. 27/12/21

1. Experiencia profesional, apartado A. “Desempeño de posto de igual ou superior categoría na administración local e desenvolvemento de funcións en materia de urbanismo mediante calquera tipo de relación: (ata un máximo de 10 puntos)”.

Considera que lle corresponden 2,74 puntos fronte aos 1,92 publicados.

Fai referencia á documentación presentada coa solicitude de participación e inserta a seguinte táboa aclaratoria (transcríbese na seguinte páxina por cuestións de integridade visual):

Meses	TRABAJO ADMINISTRACIÓN LOCAL				
1	sep-08	15/08/2008 Inicio act. técnico municipal	Concello Pantón	Contrato	0,12
2	oct-08		Concello Pantón	Contrato	0,12
3	nov-08		Concello Pantón	Contrato	0,12
4	dic-08		Concello Pantón	Contrato	0,12
5	ene-09		Concello Pantón	Contrato	0,12
6	feb-09		Concello Pantón	Contrato	0,12
7	mar-09		Concello Pantón	Contrato	0,12
8	abr-09		Concello Pantón	Contrato	0,12
9	may-09		Concello Pantón	Contrato	0,12
10	jun-09		Concello Pantón	Contrato	0,12
11	jul-09		Concello Pantón	Contrato	0,12
12	ago-09		Concello Pantón	Contrato	0,12
13	sep-09		Concello Pantón	Contrato	0,12
14	oct-09		Concello Pantón	Contrato	0,12
15	nov-09		Concello Pantón	Contrato	0,12
16	dic-09		Concello Pantón	Contrato	0,12
17	ene-10		Concello Pantón	Contrato	0,12
18	feb-10		Concello Pantón	Autonomo	0,1
19	mar-10		Concello Pantón	Autonomo	0,1
20	abr-10		Concello Pantón	Autonomo	0,1
21	may-10		Concello Pantón	Autonomo	0,1
22	jun-10		Concello Pantón	Autonomo	0,1
23	jul-10		Concello Pantón	Autonomo	0,1
24	ago-10	31/08/2010 Fin act. técnico municipal	Concello Pantón	Autonomo	0,1
					2,74

Resolución.

O Tribunal, tras revisar a documentación aportada polo aspirante, así como a puntuación detallada nos distintos apartados, constata o seguinte:

A puntuación publicada, no que atinxe ao aspirante que formula a reclamación é a seguinte:

CONCELLO DE MONTERROSO
 PROCESO SELECTIVO ARQUITECTO (BOP 09.06.2021)

ASPIRANTE	EXPERIENCIA			FORMACIÓN					PUNTOS
	AL-1	AL-2	EMPR	T.U.	+200H	+100H	50H.	10H.	TOTAL
SANTOS IGLESIAS JOSE CARLOS	1,92	0,00	3,62	0,00	20,00	10,00	30,00	6,00	71,54

No apartado AL-1 (experiencia profesional na Administración Local), apartado a), computáronse 1,92 puntos (16 meses x 0,12 puntos.)

No apartado EMPR (servizos prestados na empresa privada) computáronse 3,62 puntos (36,20 meses x 0,10 puntos)

Revisión:

Procedeuse a revisar a puntuación, co seguinte detalle:

Base 5.1) Experiencia profesional:

- Apartado a) Desempeño na Administración Local:
 - o Parágrafo primeiro(contrato laboral ou relación funcional):
 - Acreditados no informe de vida laboral (IVL) 486 días (16 M)
 $16 \cdot 0,12 = 1,92$ puntos.
 - o Parágrafo segundo (contrato servicios):
 - Acreditados 7 meses.
 $7 \cdot 0,10 = 0,70$ puntos

TOTAL PUNTUACIÓN NO APARTADO AL-1: 2,62 PUNTOS

- Apartado c) Servizos na empresa privada en posto de arquitecto ou superior.
 - o Servizos na empresa privada.
 - Debe terse en conta que o Tribunal computara o total do tempo acreditado como autónomo neste apartado, sen imputar a parte correspondente ao apartado anterior de contrato de servizos coa Administración Local, o que debe regularizarse para que non se produza o chamado “efecto mochila”, conceptualdo pola xurisprudencia.
 - Acreditados no IVL 1093 días (881+212).
 Aos días acreditados anteriormente deben restarse os que xa foron computados no apartado AL-1 como contrato de servicios no Concello de Pantón, segundo a táboa aportada polo reclamante e a documentación xustificativa achegada coa instancia de participación.
 Así resultan computables 883 días (1093-210), equivalentes a 29 M
 $29 \cdot 0,10 = 2,90$ puntos

TOTAL PUNTUACIÓN NO APARTADO EMPR: 2,90 PUNTOS

CONCELLO DE MONTERROSO
PROCESO SELECTIVO ARQUITECTO (BOP 09.06.2021)

En relación co previsto no apartado 3) da Base 5 da convocatoria, o Tribuna considera que non resulta precisa a celebración de entrevista.

Consecuentemente, o Tribunal declara definitivas as puntuacións anteriormente reflectidas para cada un dos aspirantes e formula proposta de nomeamento como Arquitecta, funcionaria interina do Concello de Monterroso, conforme á normativa vixente de aplicación en materia de función pública, a favor de MARÍA ALBA LÓPEZ BARREIRO, por acadar a maior puntuación, conforme ao baremos establecido nas Bases que rexen o proceso selectivo.

Publíquese a presente Acta na páxina web oficial do Concello de Monterroso.

Non habendo mais asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, rematando o acto no lugar e hora anteriormente indicados, de todo o que, como Secretario, dou fe.

Réxime de recursos

(Artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

As resolucións anteriormente transcritas poden ser recorridas en alzada ante a Alcaldesa do Concello de Monterroso, no prazo dun mes desde a data de publicación na páxina web oficial do Concello de Monterroso.

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de tres meses. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución, poderase entender desestimado o recurso. Non obstante o anterior, a Administración está obrigada a ditar resolución expresa e notificala en todos os procedementos, calquera que sexa a súa forma de iniciación, de acordo co artigo 21 da expresada Lei.

Contra a resolución dun recurso de alzada non caberá ningún outro recurso administrativo, salvo o recurso extraordinario de revisión, nos casos establecidos no artigo 125.1 da expresada Lei.

